

**11837 REAL DECRETO LEI 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións («BOE» 151, do 24-6-2000, e 154, do 28-6-2000.)**

A liberalización económica constitúe un eixe principal da política económica desenvolvida polo Goberno dirixida a crear un contorno máis favorable para que os axentes productivos se vexan incentivados a investir e contribuír así ó desenvolvemento económico de todo o país. Este incremento da demanda require pola súa vez a consecución dunha oferta productiva flexible que se acomode ós cambios sen crear tensións na estabilidade de prezos. A busca dun maior nivel de crecemento sostible debe proceder dun uso máis activo dos instrumentos de reforma estrutural, como os que se procuran nesta norma.

Adicionalmente, o peso cualitativo e cuantitativo dos sectores afectados polas medidas contidas neste real decreto lei garanten un impacto positivo e duradeiro delas nunha dobre vertente. Polo lado da produción, o carácter de servizos intermedios das telecomunicacións contribuír a diminuí-los custos empresariais e, en último termo, a mellora-la competitividade da nosa industria. Polo lado dos consumidores e usuarios, o aumento do número de operadores, así como a maior variedade e calidade dos produtos ofrecidos por eles contribuírán a eleva-lo nivel de benestar de toda a poboación española. Mención especial requiren as medidas destinadas a impulsa-lo uso da Internet. Estas iniciativas, que amplían as oportunidades de acceso de tódolos cidadáns ó ámbito da sociedade da información, ofrecen unha oportunidade única para que o conxunto dos cidadáns españois se incorpore ás novas tecnoloxías e o país no seu conxunto afronte a era dixital desde unha posición de partida privilexiada.

A liberalización impulsada desde a Comisión Europea no ámbito das telecomunicacións esixe incorporar ó noso ordenamento as recentes orientacións comunitarias, algunhas das cales, como ocorre coa apertura do bucle local de abonado, deben regularse con urxencia.

As medidas que se desenvolven no capítulo I perseguen incidir a curto prazo na redución do custo das chamadas metropolitanas, o de maior impacto para as economías domésticas. Por un lado, establécense programas de tarifas para as chamadas metropolitanas e, por outro, prevense as modificacións necesarias para que tódolos operadores poidan competir en igualdade de oportunidades. A medio prazo, o desenvolvemento da selección de operador para chamadas metropolitanas, así como a apertura do bucle do abonado, completarán a instauración da libre competencia no ámbito da telefonía local. No caso das comunicacións dirixidas á Internet, establécense unha tarifa plana que pretende impulsa-lo uso da Internet polos cidadáns españois e o fomento do desenvolvemento de novas iniciativas e servizos no mercado da sociedade de información. A garantía de que esta medida se verá acompañada da superación de determinados obstáculos que estaban impedindo o desenvolvemento dun maior grao de competencia e de innovación no acceso á Internet contribúe a crear as condicións adecuadas e perdurables no tempo para un acceso á Internet máis barato e rápido para o conxunto dos usuarios.

Adicionalmente, increméntanse as esixencias de información e transparencia para os operadores telefónicos dominantes en materia de custos. En materia de telefonía móbil analizaranse, antes do 31 de outubro do ano 2000, as distintas alternativas para amplia-lo número actual de operadores e intensifica-la competencia.

Estas medidas de carácter urxente serán completadas proximamente polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía,

mediante propostas de desenvolvemento regulamentario e actuacións que abranguerán, entre outras materias, as relativas ó uso compartido de infraestructuras e acceso dos operadores ó dominio público e privado, avaliación de conformidade e posta no mercado de equipos e aparellos de telecomunicación, e a regulación do uso do dominio público radioeléctrico. Así mesmo, levará a cabo as actuacións e elaborará os correspondentes plans para acadalo obxectivo da iniciativa «Europa, unha sociedade da información para todos», adoptada no Consello Europeo extraordinario de Lisboa.

Finalmente no capítulo II, no ámbito da inspección técnica de vehículos, recóllense medidas dirixidas a liberaliza-la actividade.

Na adopción destas medidas, que se integran no conxunto máis amplo das que adopta o Goberno, concorre, pola súa natureza e finalidade, a circunstancia de extraordinaria e urxente necesidade que esixe o artigo 86 da Constitución para a utilización do real decreto lei, requisito imprescindible como recordou por outra parte a xurisprudencia constitucional.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e ministro de Economía e o ministro de Ciencia e Tecnoloxía, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2000, e en uso da autorización concedida polo artigo 86 da Constitución,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Telecomunicacións

**Artigo 1. Contabilidade de custos.**

Engádesse unha disposición adicional á Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións coa redacción seguinte:

«Disposición adicional décimo segunda. *Presentación da contabilidade de custos.*

1. Os operadores do servizo telefónico fixo e os de liñas susceptibles de arrendamento que teñan a consideración de dominantes, presentarán ós Ministerios de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía e á Comisión do Mercado de Telecomunicacións, antes do 31 de xullo de cada ano, os resultados do sistema de contabilidade de custos do último exercicio cerrado e do inmediatamente anterior, correspondentes ás áreas de negocio dos servizos telefónico fixo, de liñas susceptibles de arrendamento e de interconexión, prestados no territorio español, así como os de prestación do servizo universal de telecomunicacións, co grao de detalle que permita coñecer-los custos totais e unitarios de cada un dos servizos, de acordo cos principios, criterios e condicións para o desenvolvemento do sistema de contabilidade de custos, aprobados pola devandita Comisión.

Así mesmo, os operadores que, non tendo a consideración de dominantes, teñan obrigas de prestación do servizo universal de telecomunicacións, presentarán os resultados do sistema de contabilidade de custos pola prestación deste servizo, nas mesmas condicións e datas referidas no parágrafo anterior.

2. Los operadores de telefonía móbil automática que teñan a condición de dominantes no mercado nacional de interconexión, presentarán ós Ministerios de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía e á Comisión do Mercado das Telecomunicacións,

antes do 31 de xullo de cada ano, os estados de custos que xustifiquen os prezos de interconexión. Estes estados de custos serán os correspondentes ó último exercicio cerrado e ó inmediatamente anterior e deberán presentarse auditados externamente.

3. A análise dos citados custos para efectos dos números anteriores, así como a súa incidencia sobre a estrutura sectorial, levarana a cabo os ministerios de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, coa asistencia da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.»

#### **Artigo 2.** *Apertura do bucle do abonado.*

O Goberno, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, establecerá as condicións para que, a partir de xaneiro do ano 2001, os operadores dominantes de redes públicas telefónicas fixas faciliten o acceso desagregado e o acceso compartido ó bucle de abonado.

A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos establecerá, por proposta conxunta dos ministerios de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, e logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, os prezos da primeira oferta de referencia dos operadores ós que se refire o parágrafo anterior, correspondentes a ámbalas modalidades de acceso ó bucle de abonado.

#### **Artigo 3.** *Selección de operador para chamadas metropolitanas.*

Engádesse un novo parágrafo ó número 7 do artigo 22 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, coa redacción seguinte:

«Os operadores de redes públicas fixas que teñan a consideración de dominantes, facilitarán, antes do 15 de novembro de 2000, os procedementos de selección de operador chamada e de preasignación de operador nas liñas de abonado conectadas a centrais telefónicas dixitais, para as chamadas de ámbito metropolitano.»

#### **Artigo 4.** *Modificación das tarifas telefónicas.*

1. Os operadores dominantes do servizo telefónico fixo dispoñible ó público incorporarán, con vixencia a partir do 1 de novembro do ano 2000, un programa de tarifas para o servizo telefónico metropolitano, que dará dereito ó consumo de seiscentos minutos de tráfico ó mes en horario de tarifa reducida.

O prezo do devandito programa será de 700 pesetas mensuais, no que se inclúe o prezo de establecemento das comunicacións.

Enténdese por horario de tarifa reducida: de cero a oito horas e de dezoito a vinte e catro horas, de luns a venres, e sábados, domingos e festivos nacionais de cero a vinte e catro horas.

O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e o Ministerio de Economía aprobarán as condicións particulares de contratación deste programa. Para estes efectos, os operadores dominantes realizarán a correspondente proposta no prazo de quince días desde a publicación deste real decreto lei.

2. Os operadores dominantes do servizo telefónico fixo dispoñible ó público incorporarán, con vixencia a partir do 1 de novembro do ano 2000, un programa de tarifas para o servizo telefónico metropolitano, que dará dereito ó consumo de seiscentos minutos de tráfico ó mes, durante as vinte e catro horas do día.

O prezo do devandito programa será de 1.400 pesetas mensuais, no que se inclúe o prezo de establecemento das comunicacións.

O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e o Ministerio de Economía aprobarán as condicións particulares de contratación deste programa. Para estes efectos, os operadores dominantes realizarán a correspondente proposta no prazo de quince días desde a publicación deste real decreto lei.

3. Os operadores dominantes do servizo telefónico fixo dispoñible ó público incorporarán, con vixencia a partir do 1 de novembro do ano 2000, unha nova tarifa para o acceso á Internet a través da súa rede pública telefónica fixa dun importe de 2.750 pesetas mensuais.

Esta tarifa aplicarase ás chamadas realizadas entre as cero e as oito horas e entre as dezoito e as vinte e catro horas de luns a venres, e entre as cero e as vinte e catro horas dos sábados, domingos e festivos de ámbito nacional.

A devandita tarifa dará dereito ó establecemento de comunicacións durante ese horario, en chamadas de ámbito metropolitano, realizadas a números da rede pública telefónica fixa, incluídos os do rango de numeración dos servizos de intelixencia de rede, e que correspondan cos dos centros de acceso ó servizo Internet pertencentes ós diferentes provedores deste último servizo. Adicionalmente o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía determinará un rango de numeración específica ó que poderán acollerse os centros de acceso ó servizo Internet da mesma provincia que o abonado chamante.

A citada tarifa será aplicable a tódolos usuarios que acceden a través da rede pública telefónica fixa dos operadores dominantes do servizo telefónico fixo dispoñible ó público, sexa cal sexa a rede á que estea asociado o punto de terminación do centro de acceso ó servizo Internet.

O tráfico dirixido ós números correspondentes a centros de acceso á Internet serán entregados polos operadores dominantes do servizo telefónico fixo dispoñible ó público de forma separada do tráfico de telefonía vocal, e nos mesmos puntos de interconexión de voz existentes. Para estes efectos, os operadores negociarán os correspondentes acordos, resolvendo a Comisión do Mercado das Telecomunicacións os supostos nos que non se alcance o dito acordo.

O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e o Ministerio de Economía aprobarán as condicións particulares de contratación desta nova tarifa. Para estes efectos, os citados operadores presentarán unha proposta no prazo de quince días desde a publicación deste real decreto lei.

#### **Artigo 5.** *Impulso da competencia en telefonía móbil.*

O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía efectuará antes do 31 de outubro do ano 2000 un estudo sobre as posibles alternativas que permitan incrementalo grao de competencia en telefonía móbil, realizando as propostas regulatorias correspondentes.

#### **Artigo 6.** *Modificación da oferta de interconexión de referencia.*

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións enviará, con carácter excepcional e antes do próximo 15 de setembro, para a súa aprobación pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, a proposta de modificación da oferta de interconexión de referencia de «Telefónica, Sociedad Anónima Unipersonal», que garanta a eficacia competitiva das medidas adoptadas no presente capítulo, de forma que tódolos operadores no mercado partan das mesmas condicións.

## CAPÍTULO II

## Inspección técnica de vehículos

**Artigo 7.** *Prestación dos servicios de inspección técnica de vehículos.*

1. As inspeccións técnicas que, de acordo co disposto no Regulamento xeral de vehículos e nas demais normas aplicables, deban facerse nos vehículos, realizaranse en estacións de inspección técnica de vehículos.

2. A execución material das inspeccións poderá ser efectuada polas comunidades autónomas ou administración competente directamente ou a través de sociedades de economía mixta no capital das cales participen, ou por particulares. Salvo no caso en que a execución a leven a cabo directamente as comunidades autónomas ou administración competente, será requisito imprescindible para acceder á actividade de inspección de vehículos a obtención previa dunha autorización, que lles corresponderá outorgar ás comunidades autónomas ou administración competente.

A autorización deberá outorgarse sempre que o titular acredite que a instalación na que proxecta realiza-los servicios de inspección cumpre os requisitos técnicos que para tal efecto se determinen regulamentariamente no prazo de catro meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

3. O incumprimento das condicións técnicas que deben reuni-las instalacións constituirá unha infracción moi grave que será sancionada con multa de ata 5.000.000 de pesetas. Ademais, cando a comisión da infracción menoscabe gravemente a calidade dos servicios de inspección ou cando o incumprimento se produza de forma reiterada ou dilatada no tempo, poderá imporse a sanción de revogación da autorización habilitante para o exercicio da actividade de inspección de vehículos, caso no que, unha vez iniciado o expediente, poderá esta suspenderse provisionalmente.

A competencia para instruí-los expedientes sancionadores e impo-las sancións corresponderá ós órganos competentes das comunidades autónomas ou administración competente en cada caso.

As infraccións ás que se refire este parágrafo prescribirán ó ano; as sancións prescribirán igualmente no prazo dun ano.

Reglamentariamente poderá actualizarse a contía da multa prevista no presente parágrafo.

**Disposición transitoria.** *Réxime das concesións e autorizacións de prestación de servicios de inspección técnica de vehículos subsistentes no momento da entrada en vigor do presente real decreto lei.*

As concesións outorgadas conforme o Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, e as autorizacións concedidas conforme o Real decreto 3273/1981, do 30 de outubro, subsistentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, seguirán habilitando os seus titulares para realiza-los servicios de inspección de vehículos sen que sexa preceptiva nestes casos a autorización previa á que se refire o artigo 7 do presente real decreto lei. Non obstante, en ámbolos casos, as estacións estarán obrigadas a cumprir-los requisitos técnicos esixibles con carácter xeral a todo tipo de instalacións e seralles de aplicación o réxime sancionador previsto no devandito precepto.

**Artigo 8.** *Modificación do Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, sobre normas básicas de instalación e funcionamento das estacións de inspección técnica de vehículos.*

1. Suprímese a referencia que se contén no artigo 3 respecto dos talleres de reparación.

2. Modifícase o artigo 13, que queda redactado do seguinte modo:

«As tarifas máximas de inspección e a súa actualización periódica serán establecidas polas comunidades autónomas.»

3. Reglamentariamente poderase modifica-lo disposto neste artigo.

**Disposición derogatoria.**

Quedan derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango ó do presente real decreto lei se opoñan ó disposto nel.

**Disposición derradeira primeira.** *Facultade de desenvolvemento.*

Habilítase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto neste real decreto lei.

**Disposición derradeira segunda.** *Títulos competenciais.*

As disposicións deste real decreto lei teñen o carácter de disposicións de aplicación xeral dictadas ó amparo do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 21.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira terceira.**

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

*(Este real decreto lei inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 154, de data 28 de xuño de 2000.)*

## MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**11994** *REAL DECRETO 994/2000, do 2 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 145/1997, do 31 de xaneiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización («BOE» 153, do 27-6-2000.)*

A Directiva 95/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro, relativa ós aditivos alimentarios distintos dos colorantes e edulcorantes, incorpórase ó ordenamento español mediante o Real decreto 145/1997, do 31 de xaneiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.

Posteriormente, producíronse progresos técnicos no ámbito dos aditivos alimentarios, de aí que se considere necesario adapta-lo contido da citada Directiva 95/2/CE